



DECRETO

As sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local do Concello foron suspendidas por esta Alcaldía-Presidencia a medio do DEC/AYT/1313/2020, de 18 de marzo, en atención á declaración do estado de alarma por Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, durante o prazo de vixencia do mesmo e, no seu caso, das prórrogas que se adoptaran.

Consonte ao que prevé o artigo primeiro.dous da Lei Orgánica 4/1981, de 1 de xuño, dos estados de alarma, excepción e sitio, as medidas que se adopten durante a vixencia do estado de alarma serán as estritamente indispensables para asegurar o restablecemento da normalidade, aplicándose proporcionadamente ás circunstancias que en cada caso motiven a declaración. De aí que o Consello de Ministros de 28 de abril de 2020 aprobara o *Plan para la desescalada de las medidas extraordinarias adoptadas para hacer frente a la pandemia de COVID-19*, habilitando ao Ministro de Sanidade, en tanto que autoridade competente delegada para, nun proceso coñecido como de “cogobernanza” coas Comunidades Autónomas, para concretar as medidas que deban aplicarse nese proceso.

A última prórroga do estado de alarma foi autorizada polo Pleno do Congreso dos Deputados o pasado 6 de maio e acordada por Real Decreto 514/2020, de 8 de maio (BOE de 9 de maio). En aplicación do anterior, e con vixencia na nosa cidade neste momento, ditouse polo Ministro de Sanidade a Orde SND/399/2020, de 9 de maio, que flexibiliza determinadas medidas de restrición propias do actual estado de alarma, na primeira das fases do chamado proceso de “desescalada”. No ámbito municipal, a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente celebrada o 29 de abril de 2020 ordenou a continuación dos prazos en determinados procedementos contractuais, ao abeiro do previsto no parágrafo 4 da Disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020 (na redacción dada polo Real Decreto 465/2020) e no Real Decreto-Lei 15/2020. Tamén, por resolución de 8 de maio do Concelleiro delegado en materia de persoal, aprobouse un protocolo que dispón a progresiva reincorporación dos empregados públicos do Concello aos seus postos de traballo.

Desde a suspensión das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local téñense celebrado 6 sesións de carácter extraordinario, cun número de asuntos que vai medrando progresivamente, o que dá noticia da continuidade na acción de Goberno. Deste xeito, parece que as circunstancias aconsellan non agardar á finalización prevista do estado de alarma para reiniciar as sesións da Xunta de Goberno Local de carácter ordinario.

En atención ao todo o anterior

DISPOÑO:

PRIMEIRO.- Deixar sen efecto o DEC/AYT/1313/2020, de 18 de marzo, polo que se suspenderon as sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local do Concello da Coruña.

SEGUNDO.- Reiniciar as sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local do Concello da Coruña, establecidas no Decreto DEC/AYTO/3846/2019, modificado por Decreto DEC/AYTO/5288/2019, de 16 de setembro, a partir do vindeiro mércores 20 de maio de 2020.


TERCEIRO.- Consonte ao disposto no parágrafo 3 do artigo 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada ao efecto pola Disposición final segunda do Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, nas convocatorias de cada sesión, pola Presidencia ditaranse as instrucións pertinentes en relación coa posibilidade de asistencia á mesma por medios telemáticos.

CUARTO.- As referencias a “cada xoves anterior a unha sesión ordinaria” da Xunta de Goberno Local, contidas nos parágrafos a) e b) do número PRIMEIRO da Instrución de Alcaldía de tramitación dos asuntos competencia da Xunta de Goberno Local, de 21 de agosto de 2019, entenderanse feitas aos venres e aos luns, respectivamente. A referencia aos venres contida no apartado d) do mesmo número da Instrución entenderase feita ao luns.

QUINTO.- A Alcadesa poderá asistir ás reunións de coordinación executiva ás que se refire o parágrafo b) do número PRIMEIRO da Instrución citada no número anterior, en cuxo caso as presidirá.

Casas Consistoriais, 13 de maio de 2020

Inés Rey García



Alcadesa